



**PROGRAMA PROPIO PARA A FORMACIÓN PREDOUTORAL  
EN ÁREAS CON ESPECIAL DIFICULTADE PARA CONTRATAR DOUTORES  
(Consello de Goberno de 05/03/2008)**

O camiño actualmente definido para a carreira académica na universidade reflicte a aposta universal polo profesorado doutor. O novo marco normativo tende a primar un cadro docente formado fundamentalmente por profesorado doutor cun perfil claramente investigador. As políticas estatais e autonómicas están a potenciar unha carreira docente-investigadora baseada no financiamento de programas que cubren unha etapa de formación predoutoral (tese), e unha etapa posdoutoral onde se promociona a estada prolongada de investigación noutras universidades, preferentemente no estranxeiro, como fase previa á reincorporación na universidade. As oportunidades de recrutamento de candidatos para estes programas é ben diferente dependendo dos ámbitos, áreas e disciplinas. Factores como as condicións do mercado laboral, ou as cualificacións medias nos diferentes ámbitos poden orientar o perfil dos beneficiarios dos programas predoutorais e posdoutorais. Con este programa propio de formación predoutoral, preténdese dotar a Universidade de Vigo de capacidade para conseguir no futuro mellorar a canteira de investigadores dispoñibles para completar o cadro de persoal incluíndo áreas nas que podería atoparse certa dificultade.

**CARACTERÍSTICAS XERAIS DO PROGRAMA**

1. Existirán dous tipos de prazas: bolsas de 3º ciclo e contratos predoutorais.
  2. Os perfís das prazas estarán determinados pola COAP baseándose en criterios de necesidade de formación de cadros de persoal das áreas de coñecemento.
  3. A etapa de 3º ciclo constará de dous anos. Está orientada a candidatos que inicien os seus estudos de doutoramento. Ao seu término o candidato deberá estar en posesión do DEA ou ter recoñecidos os 60 créditos de posgrao oficial previstos no doutoramento adaptado ao EEES. O candidato que acade este obxectivo terá dereito a continuar automaticamente a súa formación na modalidade predoutoral nas mesmas condicións que os candidatos de nova adxudicación, incluíndo nestas condicións a obrigatoriedade de concorrer con antelación á convocatoria María Barbeito, da Xunta de Galicia.
-



4. A etapa predoutoral constará de dous anos. Está orientada a candidatos que xa obtivesen a suficiencia investigadora, o DEA (doutoramento do RD 778/1998) ou os 60 créditos de posgrao oficial previstos no doutoramento adaptado ao EEES. Ao seu término o candidato deberá ter acadado o grao de doutor. O candidato que acade este obxectivo terá preferencia para que a Universidade sinala un perfil propio da área na convocatoria Ángeles Alvariño, como un xeito de facilitarlles a etapa de formación posdoutoral.
5. De xeito extraordinario esténdese este dereito a calquera Axudante contratado con anterioridade ao 1/1/2008 pola Universidade de Vigo que acade o título de doutor.
6. Os bolseiros de 3º ciclo non terán presenza no POD. Os contratados da etapa predoutoral poderán participar no POD nas mesmas condicións dos actuais María Barbeito ou FPI de 3º e 4º ano.

#### **ACCESO AO PROGRAMA POLOS DEPARTAMENTOS**

1. Os departamentos que desexen participar no programa farán a súa proposta á COAP xunto co POD. Deberán indicar nome da área, número e tipo de prazas (máximo 2 en total), e requisitos dos candidatos:
    - a. Titulacións/especialidades de acceso que o candidato debe posuír.
    - b. Programas de doutoramento posibles en que o candidato debe inscribirse.
    - c. Grupos de investigación posibles en que o candidato debe estar admitido.
  2. A COAP establecerá no momento de aprobación do POD (e previamente ao prazo de admisión de candidaturas) unha lista de áreas de coñecemento seleccionadas en cada unha das súas modalidades. A dita lista poderá ter un número de áreas maior que o de prazas dispoñibles, xa que o curriculum dos candidatos tamén constitúe un criterio de selección determinante.
  3. A COAP poderá establecer unha segunda lista de prazas con carácter suplente, para o caso de que non se cubran as prazas da lista principal. Nesta segunda lista poderá incluírse oferta das segundas prazas de áreas que estean incluídas na primeira lista.
  4. Os criterios de selección de áreas incluírán os utilizados para a saída a concurso dunha praza de tipo consolidable (balance de carga e capacidade consolidable). Como feito
-



diferencial neste programa, descontarase da capacidade consolidable a correspondente a aqueles profesores que alcancen a idade de xubilación obrigatoria nos seguintes catro cursos académicos.

5. Na súa decisión, a COAP poderá establecer prioridades que teñan en conta as prazas cubertas nas convocatorias anteriores.

### **ACCESO AO PROGRAMA POLOS CANDIDATOS**

1. Xunto coa convocatoria xeral de bolsas de 3º ciclo ou contratos predoutorais da Universidade de Vigo, incluírase unha convocatoria especial que fixará o número de prazas do programa en cada etapa en función da dispoñibilidade orzamentaria. A dita convocatoria quedará afectada pola relación de áreas seleccionadas pola COAP en cada modalidade e os requisitos determinados para cada unha das prazas.
2. No momento de presentar a súa solicitude ó candidato terá a opción de presentar tamén a súa candidatura adicional a unha bolsa ou axuda da convocatoria especial, indicando a área de que se trata dentro da lista das áreas seleccionadas. De seleccionar máis dunha deberá especificar claramente a súa preferencia.
3. Os candidatos deben cumprir os mesmos requisitos de admisión do programa xeral de bolsas e axudas e os requisitos específicos das prazas da convocatoria especial pola que opten.
4. Os candidatos que opten pola convocatoria especial non perden a súa condición de candidatos ao programa xeral no caso de non obter a axuda do programa especial.

### **ASIGNACIÓN DE PRAZAS**

1. Os candidatos serán baremados polo órgano responsable (Comisión de Investigación) co mesmo criterio de adxudicación do programa xeral.
  2. Os candidatos que solicitaran algunha praza do programa especial, e cumpran os requisitos dalgunha das prazas que solicitaran, formarán co mesmo orde de prelación, dúas listas (unha por cada modalidade) para adxudicación de prazas do programa especial.
  3. As prazas iranse cubrindo ata completar o máximo establecido na convocatoria.
-